

## **Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Traballos desenvolvidos durante 2021, centenario do seu pasamento**

Xulia Santiso Rolán  
Patricia Angulo Miró  
CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN  
casamuseoepeb@academia.gal  
patriciaangulomiro@gmail.com

*(recibido novembro /2021, aceptado decembro/2021)*

### *RECEPCIÓN DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN NA CASA-MUSEO. TELEVISIÓN, RADIO, PRENSA. GRAVACIÓNS.*

- CUAC-FM, a emisora de radio comunitaria vinculada á Universidade da Coruña, visitou a Casa-Museo para desenrolar un programa desde este espazo, o martes 23 de febreiro de 2021.
- CRTVG. Telexornal, realizou unha reportaxe emitida o día do centenario do pasamento. <https://www.crtvg.es/tvg/a-carta/emilia-pardo-baz-n-4733509>

### *COLABORACIÓN DOCUMENTAL CON CENTROS EDUCATIVOS*

- CEIP EMILIA PARDO BAZÁN (A Coruña) <https://bibliotecaepb.wixsite.com/paseandoconemilia>
- IES MARÍA SOLIÑO (Cangas do Morrazo, Pontevedra).
- IES SOMESO percorrido en 360º pola Casa-Museo con gravación locutada e baseada nun guión aportado polo persoal da Casa. [https://poly.google.com/view/fMjTGel0\\_oP/embed?chrome=min](https://poly.google.com/view/fMjTGel0_oP/embed?chrome=min)

### *CONVOCATORIAS NA CASA-MUSEO*

#### **“OITO CONVERSAS: AS MULLERES, CEN ANOS DESPOIS DO PASAMENTO DE EMILIA PARDO BAZÁN”**

Coordinadas por Chus Castro, xornalista retirada da CRTVG, e patrocinadas polo Concello da Coruña, os primeiros xoves do mes, ás 18 horas, realizáronse dez conversas

retransmitidas por streaming e posteriormente publicadas na [canle de Youtube de Cultura da Coruña](#).

Versaron sobre a situación de mulleres relevantes na actualidade e os paralelismos que aínda poden detectar co personaxe de Emilia Pardo Bazán.

Iniciáronse o 11 de marzo: “A presenza das mulleres na política” pola Alcaldesa da Coruña, Inés Rey. <https://www.youtube.com/watch?v=OekcbX66LOU>

Continuou coa participación da académica Marilar Aleixandre; a música Susana Seivane; a delegada de Facenda en Galicia, Imelda Capote; a vicevaledora do Pobo e escritora, María Xosé Porteiro; a xefa de Urxencias do CHUAC, María de la Cámara; a que foi a primeira directora da Radio Galega, Rosa Martínez e a artista Soledad Penalta.

- O 23 de abril, conmemorando o Día do libro, abríronse os actos relativos ao centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán coa lectura colectiva de textos da escritora, desenrolados por alumnado, profesoras, editores, académicos e académicas e especialistas. Así o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, Marilar Alexandre arquivista-bibliotecaria da RAG; Xosé Manuel Lage Tuñas, edil do concello da Coruña, a conservadora da Casa-Museo Xulia Santiso, Begoña Valdés profesora de secundaria do IES Otero Pedrayo, alumnos de educación primaria do CEIP Emilia Pardo Bazán mais un grupo de guías de Galicia. Cada un deles escolleu un texto dunha novela, dun artigo, dun conto... expresando tamén o motivo e as sensacións que lle producen os textos seleccionados.
- Presentación do libro *Movendo os marcos do patriarcado: O pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán*. Editorial Galaxia. Vigo, 2021. Ensaio da académica da RAG Marilar Aleixandre e de María López Sandéz. Mércores 28 de abril.
- O martes 25 de maio tivo lugar a presentación do libro *Emilia Pardo Bazán. Unha mente poderosa*. Editorial Bululú. A Coruña, 2021. Biografía para a xente nova escrita por María Canosa e ilustrada por Bea Gregores.
- Colaboración no festival *Elas son Artistas* organizado por empresas galegas e Mancomunidade de Concellos da área da Coruña no que as mulleres creadoras son protagonistas. Os días 29 e 30 de xuño tivo lugar na Casa-Museo o obradoiro *Creatividade* a cargo da escritora e comunicadora Elba Pedrosa.
- Visita do colectivo de antigas cigarreiras da Fábrica de Tabacos da Coruña e posteriores convocatorias para levar a cabo o traballo titulado *A Voz das Mulleres da Fábrica de Tabacos* valorando o devir histórico destas voces para o que se colaborou coa profesora Ana Romero Masiá.
- Gravación de “Músicas inéditas en Casas Literarias” Mércores 24 de novembro na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Proxecto de investigación, interpretación e divulgación do patrimonio musical galego inédito ou pouco coñecido. Unha produción de Poliédrica® e Samuel Diz, ao abeiro do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021.
- Gravación de Mercedes Cebrián, escritora e periodista, na Casa-Museo. Escribe sobre viaxes, comida e libros en medios como *El País*, *La Vanguardia* e *Letras Libres*. Gañadora

da bolsa de residencia “Cidade da Coruña” convocada por Yolanda Castaño, pasou o mes de novembro na Coruña e gravou na casa de Emilia Pardo Bazán para o seu proxecto de casas de artistas e escritores/as coa fotógrafa Lisbeth Salas.

- “Tertulias con Arte”. Fundación María José Jove. Este grupo adoita realizar visitas a diferentes institucións culturais acompañado dunha peza da colección de arte María José Jove. Trouxeron unha fotografía de Victoria Diehl e foi o 30 de novembro.

## TRABALLOS MUSEOGRÁFICOS

- Reprodución gráfica das pezas prestadas as exposicións que conmemoran o centenario do pasamento. O volume dos préstamos faría que a exposición se resentise, de aí que buscáramos unha correcta impresión das pinturas co seu marco. En canto ás de vulto redondo, tentamos xogar coa idea de conservar as tres dimensións concibindo unha reprodución en placas dos catro lados da peza.
- Levantamento de depósito de 5 pezas pictóricas, no Pazo de Capitanía Xeral da Coruña desde o ano 2003.
- Remate do texto das follas de sala necesarios para a realización dos cadernos explicativos do museo que, aloxadas baixo código QR, facilitarán a visita ás salas. A proposta pertence á programación Sinalarium, promovida pola Deputación da Coruña.
- Dous profesores do IES Rosalía Mera levan a cabo un recoñecemento específico dos mobles da Casa-Museo así como os debuxos das pezas, que lles servirán para ilustrar a moblaxe histórica na súa materia docente.
- Xestión para depósito/reprodución do *Contenedor de feminismos*. O Museo Reina Sofía informou da reprodución da peza --tras unha xenerosa axuda das súas autoras Anxela Caramés, Carme Nogueira e Uqui Permui-, que por suposto foi valorada positivamente.

## ALUMNADO EN PRÁCTICAS

Atención e orientación nas prácticas de alumnas universitarias, titorizadas por Marilar Aleixandre.

### · **Adriana Porteiro**

A Real Academia Galega aceptou con interese o desenvolvemento do proxecto formativo de Adriana Porteiro, alumna do Mestrado en Museos, Arquivos e Bibliotecas da UDC, que realizou con aproveitamento e calidade as prácticas na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán durante o mes de maio.

### · **Hayley O’kell**

Esta estudante de Postgrado de the White Rose College of the Arts and Humanities (WRoCAH) en Manchester, propuxo un proxecto que consistiu en:

- Planificar unha visita para grupos de estudantes de Secundaria e Bacharelato facendo unha comparación biográfica e literaria entre Emilia Pardo Bazán e Virginia Woolf. Visitaron a Casa-Museo catro grupos de 4º de ESO e un de 1º de Bacharelato; dos IES Santo Domingo e de Salesianos da Coruña cun resultado estimulante.
- Executar 5 obradoiros interactivos na Casa-Museo, con 5 grupos diferentes de estudantes dos ciclos anteriormente descritos sobre o tema presentado, empregando o español pero tamén en inglés se a ocasión o permitise.
- Establecer conexión cos museos no Reino Unido con traxectorias similares ás da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Este é un proxecto longo tempo esperado porque unha das estratexias museolóxicas foi establecer conexións globais, tentando que os museos literarios foran conscientes do legado de Emilia Pardo Bazán. Froito destas conexións, levouse a cabo unha xuntanza online con seis colectivos de España, o Reino Unido e Nova Iork o 8M de 2022.

### REDES SOCIAIS E INTERNET

- Colaborando no desenvolvemento da nova páxina web da Casa-Museo, aportamos a información solicitada desde o departamento de comunicación.  
<https://casamuseoemiliapardobazan.gal/gl/a-casa-museo>
- Foi obxecto dun traballo específico para a nova páxina web, a incorporación dunha breve presentación (crítica e sinopse) na selección de 70 títulos escollidos da extensa obra de Emilia Pardo Bazán.  
<https://casamuseoemiliapardobazan.gal/gl/emilia-pardo-bazan/obra>
- Tamén o foi a selección de 12 pezas da colección da Casa-Museo para elaborar un texto informativo sobre cada unha delas coa finalidade de por en valor e actualidade algunha das pezas máis destacadas.  
<https://casamuseoemiliapardobazan.gal/gl/a-casa-museo/museo>
- Así mesmo apórtanse entradas para as redes sociais que atingan á Casa-Museo Emilia Pardo Bazán (Twitter, Instagram, Facebook, etc.) facéndonos eco de monografías sobre a escritora das que temos noticia, ou de novas relativas á súa biografía.

### VISITAS Á CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN

A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán recibiu un total de 4515 visitantes ao longo do ano 2021.

A partir do primeiro trimestre faise evidente que o volume de visitantes aumenta en proporción directa á retirada paulatina das restricións derivadas do protocolo Covid. As melloras na ocupación do espazo comezaron a facerse evidentes en marzo aínda cando se cumprisen as normas sobre a hixiene respiratoria co uso de máscaras.

Tamén en marzo comezaron a aceptarse visitas de pequenos grupos escolares (15 persoas máximo) e a partir de setembro volveron a se permitir visitas de unidade de aula. Ese mes tamén se convocaron as visitas guiadas de libre acceso, que se volveron a realizar as tardes dos mércores.

**Visitantes xaneiro, febreiro e marzo**

Visitantes particulares. 163

Visitantes a través das visitas didácticas/guiadas: 85

Visitantes a través de convocatorias presenciais: 53

Total: 301

**Visitantes abril, maio e xuño.**

Visitantes particulares. 265

Visitantes a través das visitas didácticas/guiadas: 401

Visitantes a través de convocatorias presenciais: 73

Total: 739

**Visitantes xullo, agosto e setembro.**

Visitantes particulares. 2014

Visitantes a través das visitas didácticas/guiadas: 244

Visitantes a través de convocatorias presenciais: 41

Total: 2299

**Visitantes outubro, novembro e decembro.**

Visitantes particulares. 444

Visitantes a través das visitas didácticas/guiadas: 646

Visitantes a través de convocatorias presenciais: 86

Total: 1176

**TOTAL VISITAS Á CASA-MUSEO EPB EN 2021: 4515 persoas.**